3.1 Calcular os custos das existencias, identificar os métodos de control e reconto das mesmas	3	Control e inventario de existencias	12,0
TOTAL			25

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Clasifícanse os tipos de existencias habituais en empresas de produción, comerciais e de servizos.	• PE.1	N	10
CA4.2 Diferenciáronse os tipos de embalaxes e envases que se utilizan.	• PE.2	N	10
CA4.3 Descríbense os procedementos administrativos de recepción, almacenamento, distribución interna e expedición de existencias.	• PE.3	N	10
CA4.4 Calculáronse os prezos unitarios de custo das existencias, tendo en conta os gastos correspondentes.	• PE.4	S	20
CA4.5 Identifícanse os métodos de control de existencias.	• PE.5	S	10

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.6 Recoñecéronse os conceptos de existencias mínimas e existencias óptimas.	• PE.6	S	10
CA4.7 Identifícanse os procedementos internos para o lanzamento de pedidos aos provedores.	• PE.7	N	10
CA4.8 Valorouse a importancia dos inventarios periódicos.	• TO.1	N	10
CA4.9 Utilizáronse as aplicacións informáticas e os procesos establecidos na empresa para a xestión do almacén.	• TO.2	N	10
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
Tipo de existencias. Envases e embalaxes. Inventarios e verificacións. Control e xestión de existencias: procesos administrativos. Custo de existencias. Custo unitario. Existencias mínimas e óptimas. Métodos de valoración de existencias. Aplicacións informáticas para a xestión de almacén.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Existencias: almacenamento e distribución	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os tipos de existencias, envases e embalaxes e propoñer exercicios Describir o ciclo de aprovisionamento e propoñer exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> Asimilar conceptos e realizar os exercicios Asimilar conceptos e realizar os exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios realizados 	<ul style="list-style-type: none"> Manual de texto Boletín de exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.2 PE.3 	8,0
O stock no almacén	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os tipos de stock no almacén e propoñer exercicios Explicar os procesos de revisión de stock e o cálculo do momento do pedido. Propoñer exercicios . 	<ul style="list-style-type: none"> Asimilar conceptos e realizar os exercicios propostos Asimilar conceptos e realizar os exercicios propostos 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios realizados 	<ul style="list-style-type: none"> Manual de texto Boletín de exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 PE.7 	5,0
Control e inventario de existencias	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os métodos de valoración das existencias e propoñer exercicios Explicar os tipos de inventario, as aplicacións informáticas para a xestión do almacén e propoñer traballo de simulación de xestión nun almacén, empregando software libre específico 	<ul style="list-style-type: none"> Asimilar conceptos e realizar os exercicios propostos Realizar traballo de simulación de xestión nun almacén, utilizando un programa de software específico 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios realizados e traballo de simulación de xestión en almacén 	<ul style="list-style-type: none"> Manual de texto Boletín de exercicios Ordenador 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 PE.5 TO.1 TO.2 	12,0
TOTAL						25,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A tesouraría	24

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Tramita pagamentos e cobramentos, para o que recoñece a documentación asociada e o seu fluxo dentro da empresa.	SI

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os medios de cobro e pago habituais e recoñecer os documentos que os xustifican	1	Cobros e pagos ó contado	8,0
2.1 Diferenciar o pagamento ó contado do aprazado e formalizar os diversos impresos	2	Cobros e pagos aprazados	11,0
3.1 Valorar os procedementos de autorización dos pagos e xestión dos cobros	3	Orzamento de cobros e pagos	5,0
TOTAL			24

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Identifícanse os medios de pagamento e cobramento habituais na empresa.	• PE.1	S	20
CA5.2 Formalizáronse os documentos financeiros utilizados e os impresos de cobramento e pagamento.	• PE.2	S	20
CA5.3 Valoráronse os procedementos de autorización dos pagamentos.	• TO.1	N	10
CA5.4 Valoráronse os procedementos de xestión dos cobramentos.	• TO.2	N	10
CA5.5 Recoñecéronse os documentos de xustificación do pagamento.	• PE.3	N	10
CA5.6 Diferenciouse o pagamento ao contado do aprazado.	• PE.4	S	10
CA5.7 Identifícanse as características básicas e o funcionamento dos pagamentos por internet.	• PE.5	N	10
CA5.8 Analizáronse as formas máis usuais de financiamento comercial.	• PE.6	N	10

TOTAL
100
4.6.e) Contidos

Contidos
Medios usuais e documentos de cobramento e pagamento usuais.
Procesos administrativos de cobramento e pagamento. Autorizacións.
Financiamento de documentos de cobramento a prazo.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	
Cobros e pagos ó contado	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os medios de cobro e pago ó contado e os documentos de xustificación do pagamento e propoñer exercicios. Explicar os medios de cobro e pago por internet e propoñer exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> Asimilar conceptos e realizar os exercicios propostos Asimilar conceptos e realizar os exercicios propostos 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios realizados 	<ul style="list-style-type: none"> Manual de texto Boletín de exercicios Ordenador 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.3 PE.5 	8,0
Cobros e pagos aprazados	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os documentos de cobro e pago aprazado e propoñer exercicios Explicar os tipos de financiamento comercial máis usuais e propoñer 	<ul style="list-style-type: none"> Asimilar conceptos e realizar os exercicios propostos Asimilar conceptos e realizar os exercicios propostos 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios realizados 	<ul style="list-style-type: none"> Manual de texto Boletín de exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 PE.4 	11,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	exercicios.			<ul style="list-style-type: none"> Ordenador 	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 	
Orzamento de cobros e pagos	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os procedemento para a autorización de pagos e a xestión dos cobros na empresa e propoñer exercicios Explicar os procedemento para a autorización de pagos e a xestión dos cobros na empresa e propoñer exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> Asimilar conceptos e realizar exercicios Asimilar conceptos e realizar exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios realizados 	<ul style="list-style-type: none"> Manual de texto Apuntamentos Ordenador Boletín de exercicios 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 TO.2 	5,0
TOTAL						24,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Son mínimos exixibles os marcados cun "SI" no apartado 4 d) desta programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- A avaliación da aprendizaxe do alumnado nos ciclos formativos realizase de xeito diferenciado por módulos profesionais. En todo caso, a avaliación na formación profesional inicial realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en resultados de aprendizaxe, os criterios de avaliación de cada un dos módulos profesionais e os obxectivos xerais do ciclo formativo, segundo o establecido no correspondente currículo.

- A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.

O sistema de avaliación que se realizará será o seguinte:

- Avaliación inicial:

Levarase a cabo un cuestionario individual que ten por obxecto coñecer as características e a formación previa do alumnado, en relación aos contidos do módulo.



- Avaliacións parciais:

Realizarase unha sesión de avaliación e cualificación en cada trimestre lectivo no que se avaliará o proceso de ensino-aprendizaxe. No seguemento e valoración utilizaranse os seguintes instrumentos en cada unidade didáctica:

- Probas obxectivas escritas (exames teórico-prácticos). Realizaranse exames de 1 ou 2 temas, en función da extensión que teña cada unidade. Estas probas poderán conter tanto preguntas de teoría (cuestións curtas, afirmacións de verdadeiro/falso ou preguntas tipo test) como supostos prácticos consistentes en resolver un/varios supostos similares aos resoltos na clase. Nestas probas valoraránse a utilización de conceptos e a aplicación dos procedementos pertinentes na solución dos supostos teórico-prácticos propostos.

Terán un peso do 80% da cualificación da unidade. Valorarase de 0 a 10 sendo necesario obter un mínimo de 5 para poder considerar o resto de criterios e optar a aprobar a unidade didáctica. Se hai varios exames (teoría e práctica) nunha unidade didáctica farase a media coa ponderación que lles corresponda, sempre e cando a nota de cada unha das probas sexa igual ou superior a 5 puntos; noutro caso o alumnado deberá presentarse a unha proba de recuperación posterior das partes pendentes, fixada pola profesora.

- Traballos individuais e/ou en grupos. En relación aos traballos propostos avaliarase a entrega en forma e tempo. No traballo desenvolvido valoraranse aspectos como a correcta realización da tarefa, a limpeza, a orde, o rigor, o procedemento seguido, a metodoloxía, etc. na realización das actividades de ensino aprendizaxe plantexadas. Terán un peso do 20%. Os traballos plantexados avaliaranse de 0 ao 10, facendo a media aritmética dos mesmos. Haberá que ter de media nos traballos un 5 para poder aprobar cada unidade didáctica. Non se puntuarán aquelas actividades ou traballos que estén copiados ou plaxiados de outros compañeiros. Se en algún momento se solicita a entrega de unha actividade ou traballo no tempo da sesión e un alumno non se atopa nesta e non é unha falta xustificada terá un 0 nesa actividade ou traballo.

Se algunha unidade didáctica non tivese traballos individuais e/ou en grupos calificables, as probas obxectivas (exames) terán un peso do 100%. De igual xeito, se algunha unidade didáctica non tivese exames, o peso dos traballos sería do 100%.

A cualificación de cada avaliación será a media ponderada das unidades didácticas rematadas nesa avaliación. É necesario obter polo menos un 5 sobre 10 en cada unidade didáctica para poder aprobar a avaliación parcial e finalmente o módulo. A cualificación redondearase ao enteiro inferior cando a parte decimal sexa inferior a 0,5 e ao enteiro superior cando sexa igual ou superior a 0,5.

Trimestralmente presentarase ao alumnado unha nota que aparecerá no boletín e que se obterá mediante a integración das probas obxectivas sobre os contidos das unidades didácticas e os traballos entregados de cada unidade didáctica.

Deberase acadar 5 puntos sobre 10 para considerar superados eses contidos.

NOTA!

O alumnado debe asistir ás probas escritas no día e hora acordados para a súa celebración. En caso de que non asista soamente poderá realizar a proba noutra data cando xustifique documentalmente a súa ausencia, por causas de forza maior ou problemas de saúde que lle impidan realizar as probas en condicións óptimas.

Cando algún/ha alumno/a sexa sorprendido/a nun examen copiando por calquer medio ou instrumento posible, será expulsado da proba, e a súa cualificación será, en consecuencia 1.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non acadara unha cualificación igual ou maior que 5 nalguna das probas escritas e, polo tanto, non acadase a avaliación parcial positiva deberá realizar as actividades de recuperación que propoña a profesora e realizar unha proba obxectiva de recuperación. En Xaneiro e Marzo e Xuño, para a 1ª, 2ª e 3ª avaliación respectivamente, realizáranse as probas correspondentes aos criterios non superados. Esta proba puntuarase de 0 a 10 e o alumnado recuperará con unha nota mínima de 5.

Para calcular a nota final, as notas das partes recuperadas será de un 5 malia que o resultado da proba fose superior.

O alumnado que suspenda algunha avaliación e a súa recuperación realizará no mes de xuño un exame final de recuperación das avaliacións suspensas, que consistirá nunha proba teórico-práctica no que o alumnado deberá demostrar que acadou os resultados de aprendizaxe pertinentes. Nestas probas a cualificación máxima será un 5. Esas notas servirán para calcular as medias de cara á avaliación previa á FCT. As probas coincidirán en data coas do alumnado que perda o dereito á avaliación continua.

O alumnado que durante o curso non entregase ningún dos traballos propostos terá que facelos e entregalos para poder superar o módulo. A profesora elaborará un calendario cas datas de entrega.

Se finalmente suspende o módulo e non pode acceder á FCT, o alumnado durante o 3º trimestre repasará os contidos do curso, e realizará as probas necesarias para a superación das partes suspensas no mes de Xuño.

NOTA!

O alumnado debe asistir ás probas escritas de recuperación no día e hora acordados para a súa celebración. En caso de que non asista soamente poderá realizar a proba noutra data cando xustifique documentalmente a súa ausencia por causas de forza maior ou problemas de saúde que lle impidan realizar as probas en condicións óptimas.

Cando algún/ha alumno/a sexa sorprendido/a nun examen copiando por calquer medio ou instrumento posible, será expulsado da proba, e a súa cualificación será, en consecuencia 1.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda do dereito a avaliación continua é de 16 sesións (10% das faltas de asistencia). Cando as faltas cheguen a esa cifra comunicarase a perda da avaliación continua. Para determinar se a perda se fai ou non efectiva, o profesorado valorará as circunstancias persoais do alumno/a na xustificación das faltas, cuxa aceptación será acorde ao establecido nas NOF (Normas de organización e funcionamento) do centro. Neste caso, a profesora vincúlase ao criterio adoptado polo titor/a en relación á xustificación das faltas de asistencia así como, lóxicamente, ao disposto polo centro educativo.

Ao finalizar o período lectivo deste módulo, farase una proba de avaliación extraordinaria de toda a materia para aquel alumnado que por falta de asistencia perdera o dereito á avaliación continua. Esta proba consistirá na resolución de supostos teórico-prácticos que determinarán se o alumno/a acadou os resultados de aprendizaxe e os contidos mínimos, establecidos para este módulo. Cualificarase de 0 a 10 puntos. Para superar a avaliación deberá obter unha puntuación igual ou superior a 5. A cualificación redondearase por defecto cando a parte decimal sexa inferior a 0,5 e por exceso cando sexa igual ou superior a 0,5.

Para estes alumnos a nota do módulo será a desta proba final, sendo necesario ter un mínimo de 5 para superar o módulo.

NOTA!

O alumnado debe asistir ás probas escritas de recuperación no día e hora acordados para a súa celebración. En caso de que non asista soamente poderá realizar a proba noutra data cando xustifique documentalmente a súa ausencia por causas de forza maior ou problemas de saúde que lle impidan realizar as probas en condicións óptimas.

Cando algún/ha alumno/a sexa sorprendido/a nun examen copiando por calquer medio ou instrumento posible, será expulsado da proba, e a súa cualificación será, en consecuencia 1.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para a avaliación da programación e da praxe educativa, analizaremos tres tipos de variables:

- Farase un seguimento mensual da programación analizando o grao de cumprimento e temporalización respecto ó programado, empregando a aplicación que a Consellería pon a disposición dos docentes.
- Realizarase unha análise dos resultados da práctica docente como é o logro de capacidades terminais por parte do alumnado ou a comparativa entre os resultados esperados e os obtidos.
- Ó final de curso, realizarase unha enquisa anónima ó alumnado onde se valorarán aspectos como o dominio da materia por parte do docente, a distribución dos tempos ou os recursos empregados.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso levaranse a cabo unha serie de actividades que permitan coñecer a formación previa dos alumnos e características como as súas capacidades, motivacións, aptitudes e actitudes, que poidan afectar ó correcto desenvolvemento do currículo.

Os resultados destas probas completaránse coa observación por parte do docente na realización das mesmas e se é posible, con informes doutros docentes de anos anteriores.

Estes datos expóranse na reunión de avaliación inicial que se leva a cabo nas primeiras semanas do curso, que consiste na posta en común do equipo docente sobre as características xerais do grupo e as circunstancias particulares, con incidencia educativa, de determinado alumnado. Nesta reunión decíranse as medidas de atención á diversidade que se tomarán co alumnado con necesidades específicas.

Se estas medidas teñen carácter ordinario, levaraa a cabo o propio equipo docente; de precisar medias extraordinarias, contarase co equipo de orientación.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para posibilitar a consecución por parte do alumnado dos mínimos esixibles reflectidos na programación propóñense as seguintes medidas:

- Buscar a comprensión dos aspectos fundamentais de cada unidade por parte de todo o grupo. Ó alumnado que teña maior facilidade coa materia e que remate máis rápido as actividades, facilitaráselle actividades de ampliación. Noutro caso, facilitaranse boletíns de exercicios similares ós que van coas unidades, pero centrados nos mínimos esixibles, para que o entreguen de forma individual.
- Darase a oportunidade de repetir as probas escritas e as tarefas individuais ó obxecto de afondar nos contidos básicos da unidade que corresponda.
- Durante a realización de simulacións e utilización de programas específicos, prestarase unha atención especial e individualizada ó alumnado que o precise.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Durante o curso, tanto na confección dos recursos, como nas explicacións e actividades, trataranse de transmitir os seguintes valores:

-EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA: para potenciar a participación, a aceptación e o respecto das distintas opinións, realizaranse numerosas actividades onde se require realizar exposicións e tomar unha serie de decisións por consenso. Non se tolerarán comentarios sexistas, xenófobos ou discriminatorios en calquera das súas formas.

Traballarase así mesmo o respecto pola orde e limpeza tanto nos traballos de clase coma no espazo físico, así como a atención ás normas de uso dos equipos facilitados.

- EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE

Nas distintas actividades e traballos a realizar tratarase este punto coidando aspectos como o nivel de expectativas iguais entre alumnas e alumnos e a adxudicación de tarefas de responsabilidade en función das capacidades individuais.

- EDUCACIÓN AMBIENTAL E PARA O CONSUMO

Fomentarase o consumo responsable, así como a racionalización do uso da enerxía e dos recursos (como o uso de papel só de ser necesario), o aproveitamento de material nas aulas e a reciclaxe de materiais e equipos.

- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Ó longo das distintas unidades e sobre todo nas actividades con uso de pantallas de visualización de datos farase mención especial á prevención de riscos laborais.

- USO DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

Promoverase a utilización correcta das distintas ferramentas para busca de información, discriminando e contrastando a veracidade e corrección da información obtida. Motivo polo que nos instrumentos de avaliación se da notable presenza ós traballos e supostos prácticos onde o alumnado ten que obter a súa propia información.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Co obxecto de aproximar o alumnado ó mundo laboral, onde desenvolverán as competencias profesionais, persoais e sociais adquiridas ó longo do curso, trataránse de realizar as seguintes actividades:
- Por unha parte, intentarase programar unha visita exterior a unha empresa privada, no que actividade administrativa sexa de relevancia, como pode ser unha asesoría fiscal, contable e laboral ou unha empresa con relevancia na loxística dun almacén.
 - Promoverase a asistencia do alumnado a calquera conferencia que se programe no centro, relacionada coa materia este módulo ou do ciclo.
 - Por último, no caso de xurdir algún proxecto de emprendemento ou innovación educativa a nivel autonómico ou nacional, incentivarase a participación.

10. Outros apartados

10.1) METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar ó longo das clases será de explicación e entrega de apuntamentos, esquemas e boletíns de exercicios complementarios os facilitados no manual de texto. Estes recursos adicionais estarán a disposición do alumnado na aula virtual.